

coñecemento do falecemento. Nos supostos considerados no artigo 3.1 b), os datos inscritos non se cancelarán mentres sexan necesarios para a finalización dos correspondentes procedementos.

3. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación en relación coa base de datos policial de identificadores obtidos a partir do ADN poderase efectuar nos termos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. Os identificadores obtidos a partir do ADN respecto dos cales se descoñeza a identidade da persoa a que corresponden, permanecerán inscritos en canto se manteña o devandito anonimato. Unha vez identificados, aplicárase o disposto neste artigo para os efectos da súa cancelación.

Disposición adicional primeira. Integración de ficheiros e bases de datos.

1. O Ministerio do Interior adoptará as medidas oportunas para que os diferentes ficheiros e bases de datos de identificadores obtidos a partir do ADN que, no ámbito das forzas e corpos de seguranza do Estado existisen no momento da entrada en vigor desta lei, pasen a se integrar na base de datos policial creada por esta.

2. Igualmente, e mediante a subscrición do oportuno convenio, será posible a integración na nova base de datos dos datos procedentes doutros ficheiros, rexistros ou bases de datos de identificadores obtidos a partir do ADN, distintos aos descritos no artigo 1 desta lei, sempre que estes fosen creados coas únicas finalidades de investigación e indagación dos delitos a que se refire o artigo 3.1.a) desta lei, identificación de cadáveres ou indagación de persoas desaparecidas.

Disposición adicional segunda. Réxime xurídico.

Esta lei inscribíase no marco do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a cal, pola súa propia natureza, resulta de aplicación directa, sendo os preceptos desta lei especificidades habilitadas pola citada lei orgánica en función da natureza da base de datos que se regula.

Disposición adicional terceira. Obtención de mostras biolóxicas.

Para a investigación dos delitos enumerados na letra a) do número 1 do artigo 3, a Policía Xudicial procederá á toma de mostras e fluídos do sospeitoso, detido ou imputado, así como do lugar do delito. A toma de mostras que requira inspeccións, recoñecementos ou intervencións corporais, sen consentimento do afectado, requirirá en todo caso autorización xudicial mediante auto motivado, de acordo co establecido na Lei de axuízamento criminal.

Disposición adicional cuarta. Laboratorios do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Para os efectos do disposto no artigo 5 desta lei, os laboratorios do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses poderán realizar as correspondentes análises do ADN para identificación xenética, de acordo coas funcións que lle atribúe a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Disposición transitoria única. Laboratorios non acreditados.

Os laboratorios das forzas e corpos de seguranza do Estado que no momento da entrada en vigor desta lei non estivesen debidamente acreditados na forma prevista no

artigo 5 disporán do prazo dun ano para facelo, contado desde a dita data.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta lei dítase ao abeiro das regras 1.^a, 6.^a e 29.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Disposición derradeira segunda. Preceptos con carácter de lei ordinaria.

Teñen o carácter de lei ordinaria os artigos 2, número 2 do artigo 5, artigos 7, 8 e 9, e a disposición adicional primeira, disposición adicional segunda, disposición adicional cuarta, disposición transitoria única, disposición derradeira primeira e disposición derradeira terceira.

Disposición derradeira terceira. Habilitación normativa.

1. Autorízase o Goberno a ditar as normas que procedan para o desenvolvemento do disposto nesta lei.

2. Especificamente, habilitase o Goberno para determinar o responsable do ficheiro e da súa xestión, para os efectos previstos na Lei 15/1999, do 13 de decembro.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 8 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

17635 LEI 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal. («BOE» 242, do 9-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, aprobada con fundamento na competencia exclusiva que o artigo 149.1.21.^a da Constitución lle reconece ao Estado en materia de correos, establece unha regulación en que se determina o réxime a que se debe suxeitar a prestación do servizo postal universal, o dereito ás comunicacións postais de todos os cidadáns e empresas, e o recoñecemento da liberalización dun importante ámbito do sector postal, fixando as regras básicas que permitan a libre concorrência.

Esta lei permitiu que unha parte dos servizos postais se presten en réxime de libre competencia e, con este fin, definiu unhas regras mínimas de ordenación do sector e impulsou a aparición de operadores diferentes a Correos e Telégrafos, S. A., que acabaron co monopolio do Estado no servizo de correos. Resulta necesario adoptar agora outras medidas complementarias que fagan máis efectiva a competencia entre os operadores no sector liberalizado e, en especial, a creación dun organismo independente, tanto da Administración como dos operadores, que teña a capacidade de ordenar e resolver os problemas que poidan obstaculizar o libre exercicio da competencia.

Por isto, coa finalidade de salvagardar a execución do establecido pola citada Lei 24/1998, do 13 de xullo, e de conseguir que o sector postal se rexa polos principios de libre competencia, transparencia e igualdade de trato, créase a Comisión Nacional do Sector Postal, como órgano independente e especializado encargado de resolver, ou arbitrar, se é o caso, os conflitos entre os operadores postais e de coidar dos intereses dos usuarios.

A competencia no sector postal debe levar consigo a mellora da calidade do servizo e debe servir de garantía de que os operadores observan as garantías fundamentais e os dereitos dos usuarios e de que cumpren coas obrigas do servizo.

Con este obxectivo, atribúenselle á comisión funcións tan importantes como o outorgamento dos títulos habilitantes para a prestación dos servizos postais, ou as competencias de inspección e sanción, o que supón a reasignación dunhas competencias que ata agora viña desempeñando o Ministerio de Fomento.

A creación da Comisión Nacional como órgano independente revestido de amplas atribucións de regulación implica a reorientación das funcións da Administración xeral do Estado no sector postal, que se deberán centrar no desenvolvemento normativo e na ordenación xeral do sector, así como na determinación das obrigas de servizo público e do contido e dos parámetros de calidade do servizo postal universal, todo isto co fin último de facer realidade o seu homoxéneo desenvolvemento no conxunto do territorio nacional e, deste modo, asegurar as condicións materiais para garantir o acceso efectivo de todos os usuarios á rede postal pública.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Creación da Comisión Nacional do Sector Postal.*

1. Créase a Comisión Nacional do Sector Postal como organismo regulador do sector postal, co obxecto de velar pola súa transparencia e bo funcionamento e polo cumprimento das exixencias da libre competencia.

2. A Comisión Nacional do Sector Postal configúrase como un organismo público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, dos previstos na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

3. A comisión é un organismo independente funcionalmente da Administración xeral do Estado, aínda que se encontra adscrito ao Ministerio de Fomento a través da Subsecretaría, que asume o exercicio das funcións de coordinación entre a comisión e o ministerio.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

A Comisión Nacional do Sector Postal rexerese polo disposto nesta lei, nas súas disposicións de desenvolvemento e na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

Así mesmo, seralle de aplicación a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no exercicio das funcións públicas que a lei lle asigne, e a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con carácter supletorio.

CAPÍTULO II

Organización e composición

Artigo 3. *Organización.*

A comisión exercerá as súas funcións a través dun Consello Reitor, ao cal lle corresponderá desempeñar as establecidas no artigo 7, e dunha Secretaría Xeral, cuxo titular será o responsable administrativo da comisión e o encargado de garantir o funcionamento ordinario dos servizos administrativos.

Artigo 4. *O Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor estará composto, inicialmente, por un presidente, que será igualmente o presidente da Comisión Nacional do Sector Postal e catro conselleiros, un dos cales será vicepresidente, e por un secretario non conselleiro, que terá voz pero non voto.

Mediante real decreto poderase incrementar o número de conselleiros de acordo coas necesidades regulatorias do sector postal.

2. O presidente asume a representación legal da comisión, dirixe as súas actividades e exerce as funcións que aos presidentes dos órganos colexiados administrativos lles atribúe o artigo 23 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como as demais competencias que lle asigne o Regulamento de funcionamento interno da comisión. O seu voto terá carácter dirimente.

3. O vicepresidente suplirá o presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e exercerá as funcións que lle delegue o presidente e que preveña o Regulamento de funcionamento interno da comisión.

4. O presidente, o vicepresidente e os conselleiros nomearao o Goberno, mediante real decreto adoptado por proposta do ministro de Fomento, entre persoas de recoñecida competencia profesional no sector postal e na regulación de mercados, logo da comparecencia ante a comisión correspondente do Congreso dos Deputados dos candidatos propostos, que versará sobre a súa capacidade e coñecementos técnicos.

5. O Consello Reitor designará o seu secretario, que será, así mesmo, o secretario xeral da comisión.

6. Os cargos de presidente, vicepresidente e conselleiro renovarase cada seis anos, e será posible a súa reelección por unha soa vez.

7. O presidente, o vicepresidente e os conselleiros cesarán no seu cargo por renuncia aceptada polo Goberno, expiración do termo do mandato ou por separación acordada polo Goberno, logo de instrución de expediente polo Ministerio de Fomento, nos supostos de incapacidade permanente para o exercicio do seu cargo, incumprimento grave das súas obrigas, condena por delito doloso ou incompatibilidade sobrevida.

8. O presidente, o vicepresidente e os conselleiros exercerán a súa función con dedicación absoluta e estarán sometidos ao réxime de incompatibilidade de actividades establecido con carácter xeral para os altos cargos da Administración xeral do Estado na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado e nas súas disposicións de desenvolvemento.

mento, así como no Acordo do Consello de Ministros do 18 de febreiro de 2005, polo que se aproba o Código de bo goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

Ao cesar no seu cargo e durante os dous anos posteriores, non poderán exercer actividade profesional ningunha relacionada co sector postal.

9. O Consello Reitor aprobará o Regulamento de funcionamento interno da comisión, no cal se regulará a actuación dos seus órganos e o procedemento que se seguirá para a adopción de acordos e a organización do persoal.

O regulamento deberá ser adoptado co voto favorable de, polo menos, catro dos membros que forman parte do Consello Reitor da comisión e, posteriormente, deberá ser aprobado como real decreto polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Fomento.

Artigo 5. *Réxime de compensación económica.*

1. En virtude da limitación imposta polo artigo 4.8, o presidente, o vicepresidente e os conselleiros, ao cesar no seu cargo por expiración do termo do seu mandato, renuncia ou incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, terán dereito a percibir, a partir do mes seguinte a aquel en que se produza o seu cesamento e durante un prazo igual ao que desempeñasen o cargo, co límite máximo de dous anos, unha compensación económica mensual igual á doceava parte do 80 por 100 do total de retribucións asignadas ao cargo respectivo no orzamento en vigor durante o prazo indicado.

2. A citada compensación será incompatible co desempeño deses cargos, no caso de ser designado de novo para un deles con posterioridade ao cesamento.

CAPÍTULO III

Obxecto e funcións

Artigo 6. *Obxecto.*

A comisión contribuirá a garantir o correcto funcionamento do mercado postal e, en particular, da prestación do servizo postal universal, en beneficio dos usuarios, e traballará para consolidar o proceso de liberalización do mercado. Para isto outorgará os títulos habilitantes para a prestación de servizos postais, velará polo cumprimento efectivo das obrigas dos operadores e resolverá as controversias que puidesen xurdir entre eles.

Para o cumprimento do obxecto encomendado, a Comisión Nacional do Sector Postal velará pola prestación do servizo postal universal a todos os cidadáns, en todo o territorio nacional, a prezos alcanzables e co compromiso de calidade que se estableza, sendo o órgano competente para resolver calquera consulta, queixa ou reclamación que os usuarios destes servizos lle formulen.

Artigo 7. *Funcións.*

1. Para o cumprimento dos seu obxectivos, a comisión, a través do Consello Reitor, exercerá as seguintes funcións:

a) Resolver os conflitos que poidan xurdir entre os operadores do sector postal, nos supostos regulados no artigo 16.

b) Velar por que os operadores postais establezan procedementos transparentes, sinxelos e gratuítos para a resolución das reclamacións dos usuarios nos casos de perda, roubo ou deterioración, e polo cumprimento das normas de calidade dos servizos postais.

c) Outorgar e revogar os títulos habilitantes para a prestación polos operadores dos servizos postais, de

acordo co disposto no título II da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

d) Velar para que os suxeitos que actúan no mercado postal leven a cabo a súa actividade respectando os principios de libre competencia e evitando posibles discriminacións no acceso á rede postal e no exercicio normal da súa actividade.

Para estes efectos, o Consello Reitor poñerá en coñecemento do órgano competente en materia de defensa da competencia os actos, acordos, prácticas ou condutas de que puidese ter coñecemento no exercicio das súas atribucións que presenten indicios de ser contrarios á Lei de defensa da competencia, achegando todos os elementos de feito ao seu alcance e unindo, se é o caso, o ditame correspondente. Así mesmo, emitirá os ditames que lle solicite o dito órgano competente nos termos establecidos na citada lei.

e) Determinar, anualmente, o custo neto ou carga que supón a prestación do servizo postal universal para o operador a que fose encomendado e elaborar un informe anual sobre o seu custo, o seu financiamento e a calidade do servizo que o Ministerio de Fomento elevará á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Así mesmo, a Comisión Nacional do Sector Postal velará pola correcta aplicación do disposto na normativa sobre contabilidade analítica e separación de contas dos operadores postais e realizará anualmente a auditoría sobre as contas analíticas do operador designado para a prestación do servizo postal universal.

f) Fixar as condicións de acceso á rede postal pública cando os operadores non chegasen a un acordo sobre isto.

g) Ditar instrucións dirixidas aos operadores do sector postal, co obxecto de adoptar as medidas necesarias para salvagardar a pluralidade de oferta no mercado postal e o acceso á rede postal pública.

h) Exercer a inspección dos servizos postais, co fin de garantir o desenvolvemento do servizo nun marco de libre competencia e o cumprimento das obrigas asumidas polos operadores en virtude dos seus respectivos títulos habilitantes.

i) Exercer a potestade sancionadora polos actos ou omisións que supoñan un incumprimento efectivo das obrigas dos operadores postais, de acordo co previsto na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, e sen prexuízo das competencias reservadas aos órganos de defensa da competencia.

j) Controlar a aplicación das directrices e, se é o caso, o réxime de prezos establecidos nos artigos 30, 31, 31 bis e 31 ter da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

k) Xestionar, se é o caso, o Fondo de Compensación do Servizo Postal Universal destinado a complementar o financiamento deste servizo, conforme o disposto na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

l) Levar o Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais, creado pola Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, en que se deben inscribir todos os datos relativos aos beneficiarios de autorizacións administrativas, xa sexan singulares ou xerais, así como as súas posteriores alteracións.

m) Actuar como órgano consultivo da Administración xeral do Estado en materia postal, emitindo os informes que lle sexan solicitados polo Ministerio de Fomento.

n) Elaborar anualmente un informe sobre o desenvolvemento do mercado postal, que lle será presentado ao Ministerio de Fomento e elevado ás Cortes Xerais. Este informe reflectirá as actuacións da comisión, as súas observacións e posibles suxestións sobre a evolución do

mercado e sobre o cumprimento das condicións de libre competencia e incluíra o programa das actuacións que preveña desenvolver no período seguinte.

Para tal fin, as empresas que presten os seus servizos no mercado postal estarán obrigadas a lle facilitar á comisión todos aqueles datos ou información que lles fosen solicitados e resultasen pertinentes para a elaboración dese informe.

o) Controlar o cumprimento dos obxectivos de calidade establecidos para os servizos postais.

p) Coñecer dos procedementos que implanten os operadores do sector postal para resarcir os usuarios no caso de destrución ou extravío dos envíos ou incumprimento das condicións de prestación dos servizos.

2. As resolucións que dite o Consello Reitor no exercicio das súas funcións públicas poñerán fin á vía administrativa e serán obxecto de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CAPÍTULO IV

Funcionamento e medios

Artigo 8. *Persoal ao servizo da Comisión Nacional do Sector Postal.*

1. O persoal ao servizo da Comisión Nacional do Sector Postal, distinto dos membros do seu Consello Reitor, está constituído por:

a) Os funcionarios e o persoal laboral destinados no Ministerio de Fomento que, no momento da entrada en vigor desta lei, estivesen desempeñando servizos relacionados coa regulación e inspección dos servizos postais, salvo aqueles que permanezan no ministerio para o exercicio das funcións excluídas do ámbito de actuación da comisión. Este persoal pasará a depender da comisión dentro dos dous meses seguintes á data da súa constitución.

b) O persoal seleccionado pola Comisión Nacional do Sector Postal que, salvo nos supostos previstos no número 5, estará vinculado a esta por unha relación suxeita ás normas do dereito laboral.

2. O persoal procedente do Ministerio de Fomento que pase a depender da Comisión Nacional do Sector Postal incorporárase a ela conservando a súa condición de persoal funcionario ou laboral, con recoñecemento da antigüidade que lle corresponda e na mesma situación administrativa en que se encontrase no momento da integración.

3. O persoal funcionario rexeráse polas normas reguladoras da función pública e aplicables ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

A provisión de postos de traballo do persoal funcionario levarase a cabo de conformidade cos procedementos de provisión establecidos na normativa sobre función pública aplicable ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

4. O persoal laboral rexeráse polas normas reguladoras do emprego público, o Estatuto dos traballadores e polo resto da normativa laboral que lle sexa aplicable.

A selección do persoal laboral levarase a cabo mediante convocatoria pública, con suxeición aos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como de acceso ao emprego público das persoas con discapacidade.

5. A comisión contará cunha relación de postos de traballo na cal constarán, en todo caso, aqueles postos que deban ser desempeñados en exclusiva por funcionarios, por consistir no exercicio das funcións que impli-

quen a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas e a salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas.

Artigo 9. *Réxime de contratación.*

Os contratos que celebre a Comisión Nacional do Sector Postal axustaranse ao disposto na lexislación sobre contratación do sector público.

Artigo 10. *Réxime orzamentario.*

1. A comisión elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento, segundo a estrutura que determine o Ministerio de Economía e Facenda, ao cal será remitido a través do Ministerio de Fomento, para a súa incorporación ao proxecto de orzamentos xerais do Estado.

2. As variacións que se introduzan no orzamento serán autorizadas de acordo co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 11. *Réxime económico-financiero e patrimonial.*

1. A comisión terá patrimonio propio e independente do patrimonio do Estado.

2. Os recursos da comisión estarán integrados por:

a) Os bens e valores que constitúan o seu patrimonio, así como os produtos e rendas deste.

b) Os ingresos obtidos pola liquidación das taxas que teñan por obxecto o financiamento do funcionamento da comisión.

c) As transferencias que se efectúen, se é o caso, con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

3. O control económico e financeiro da comisión efectuarase de acordo co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 12. *Taxas afectas ao funcionamento da comisión.*

1. A recadación das seguintes taxas estará destinada ao financiamento dos gastos que ocasione o funcionamento da comisión:

a) Taxa por inscrición no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais.

b) Taxa por realización de actividades económicas no sector postal.

c) Taxa por expedición de certificacións rexistrais.

2. As taxas enumeradas no número anterior rexeráse polo disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Por orde do ministro de Fomento aprobaranse os impresos que servirán de modelo para o pagamento das distintas taxas.

4. A xestión das taxas corresponderalle, en todo caso, á Comisión Nacional do Sector Postal.

Artigo 13. *Taxa por inscrición no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais.*

1. As persoas e entidades que presten servizos postais e figuren inscritas no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais estarán obrigadas a satisfacer unha taxa de periodicidade bianual, destinada a financiar os gastos derivados do funcionamento da Comisión Nacional do Sector Postal.

2. Constitúe o feito imponible da taxa a inscrición e renovación da inscrición no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais.

3. Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos postais e figuren inscritas no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais.

As empresas que presten simultaneamente servizos postais incluídos no ámbito do servizo postal universal e servizos non incluídos nese ámbito deberán estar inscritas no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais nas seccións correspondentes a tales servizos. Cada acto de inscrición e de renovación dará lugar ao aboamento da taxa pertinente.

4. A taxa aboarase no momento en que se realice a inscrición no rexistro ou a súa renovación.

5. A cota que se ingresará será de 50 euros, sen prexuízo das actualizacións que a Lei de orzamentos xerais do Estado poida efectuar nos sucesivos exercicios.

Artigo 14. *Taxa por realización de actividades económicas no sector postal.*

1. Os titulares de autorizacións administrativas reguladas nos artigos 9 e 11 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, para a prestación de servizos postais, estarán obrigados a satisfacerlle á Comisión Nacional do Sector Postal unha taxa anual, cuxa recadación estará destinada a sufragar os gastos que se xeren pola realización das actividades de xestión, control e execución que esta lei lle impón á Comisión Nacional do Sector Postal.

2. O feito imponible da taxa radica nas operacións de xestión, control e execución que debe realizar a Comisión Nacional do Sector Postal en relación cos titulares de autorizacións administrativas que habilitan para a realización de actividades económicas no sector postal.

3. Constitúe a base imponible desta taxa o conxunto dos ingresos brutos de explotación que obteña o titular da autorización administrativa pola prestación dos servizos postais incluídos no ámbito autorizado.

4. Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos postais en virtude de autorización administrativa.

Os titulares de autorizacións administrativas xerais estarán exentos do pagamento da taxa por realización de actividades económicas no sector postal en canto as necesidades de ordenación e regulación deste sector non xustifiquen o contrario.

5. A taxa devengarase o 31 de decembro de cada ano, salvo que o operador cese na actividade ou perda a autorización administrativa por causa imputable a el, en data anterior; nese caso a taxa devengarase na data en que tal circunstancia tivese lugar.

6. A cota da taxa non poderá exceder o 0,2 por cento da base imponible. A porcentaxe que se aplicará sobre ela será determinada e poderá ser modificada pola Lei de orzamentos xerais do Estado, tendo en conta a diferenza entre os ingresos recadados mediante a taxa e os gastos de funcionamento da Comisión Nacional do Sector Postal no ano anterior.

7. Os operadores do sector postal obrigados ao pagamento da taxa deberán elaborar anualmente unha declaración de ingresos e comunicarlle, dentro dos seis primeiros meses de cada ano, á comisión, que efectuará a correspondente liquidación sobre a base do volume dos ingresos obtidos no correspondente exercicio.

8. Se o titular da autorización non efectúa a comunicación no prazo previsto, a comisión expedirá unha liquidación sobre os ingresos determinados de conformidade co previsto no artigo 53 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

9. O aboamento da taxa en período voluntario efectuarase dentro dos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

10. Poderase regular a través da Lei de orzamentos xerais do Estado o establecemento, modificación, supresión e prórroga das exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais desta taxa.

Artigo 15. *Taxa pola expedición de certificacións rexistras.*

1. A expedición de certificacións rexistras por parte da Comisión Nacional do Sector Postal dará dereito á percepción dunha taxa compensatoria do custo dos trámites e actuacións administrativas necesarias. Exclúense aquelas certificacións emitidas no momento de inscrición inicial no rexistro ou posterior renovación dela.

2. Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas que soliciten a certificación.

3. O devengo producirase no momento en que se realice a solicitude da certificación rexistras, debendo proceder ao pagamento do seu importe simultaneamente.

4. O importe desa taxa será de 100 euros, sen prexuízo da actualización que poida realizar a Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio.

CAPÍTULO V

Procedementos

Artigo 16. *Procedemento de resolución de conflitos.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal resolverá os conflitos que se susciten entre o operador prestador do servizo postal universal e outros operadores postais que leven a cabo servizos incluídos nese ámbito, en relación coa existencia ou non dos dereitos exclusivos, a suficiencia ou insuficiencia das garantías ofrecidas aos usuarios e o dereito de acceso á rede postal pública.

2. O procedemento de resolución de conflitos, que se regulará mediante orde do ministro de Fomento, deberá respectar os principios de audiencia, contradición e igualdade.

3. O procedemento iniciárase sempre por instancia de parte ou do seu representante, no prazo de dous meses desde que se producise o conflito. Na solicitude de iniciación faranse constar os extremos seguintes:

- a) O nome e domicilio do reclamante e da persoa contra a cal se dirixe a reclamación.
- b) Os feitos e os fundamentos de dereito.
- c) O contido da reclamación.
- d) A proposición de probas.

4. Tras a presentación da solicitude pola persoa interesada ou polo seu representante, a secretaría da comisión remitiralle copia da reclamación á parte contra a cal se formule, co obxecto de que conteste no termo de vinte días, proponendo, se é o caso, as probas que considere oportunas.

5. Unha vez contestada a reclamación, practícaranse, no prazo de trinta días, as probas propostas polas partes e admitidas pola comisión, así como as que esta decidise acordar.

6. Practicada a proba, a comisión requirirá as partes para que formulen as súas conclusións por escrito no prazo de vinte días, ou ben acordará a realización de vista oral.

7. Finalmente a comisión ditará e notificará a súa resolución no prazo de vinte días, ampliables a corenta polo presidente da comisión, desde a recepción das conclusións ou a realización da vista. A resolución constará por escrito e nela deberán especificar os fundamentos de feito e de dereito en que se sustenta a decisión.

8. A resolución terá carácter obrigatorio para as partes e poderás imponer a obriga de resarcir os danos e perdas ocasionados.

9. A resolución será impugnabile, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 17. *Procedemento para a elaboración de instrucións.*

1. A comisión poderá ditar instrucións para as entidades que operen no sector postal, que serán vinculantes unha vez publicadas no Boletín Oficial del Estado.

2. As instrucións serán aprobadas polo Pleno do Consello Reitor, estarán debidamente motivadas, e darase, cando proceda, audiencia previa ás entidades que teñan a representación dos distintos intereses en xogo.

3. Cando se diten instrucións de carácter xeral que poidan incidir significativamente nas condicións de competencia do mercado postal, a comisión estará obrigada a solicitar informe previo ao órgano competente en materia de defensa da competencia.

Artigo 18. *Procedemento inspector.*

1. A comisión exercerá a súa potestade de inspección sobre todas aquelas actividades reguladas na Lei 24/1998, do 13 de xullo, que desenvolvan os operadores postais.

2. O persoal expresamente facultado pola Comisión Nacional do Sector Postal para o exercicio da función inspectora terá, nos seus actos de servizo ou con motivo destes, a consideración de axentes da autoridade e poderá requirir, a través da autoridade gubernativa correspondente, o apoio dos corpos e forzas de seguranza do Estado.

A función inspectora levaraa a cabo persoal funcionario destinado na comisión.

3. Os titulares ou responsables dos servizos postais estarán obrigados a facilitarlle ao persoal da inspección, no exercicio das súas funcións, o acceso ás súas instalacións, aos elementos afectos aos seus servizos ou actividades e a cantos documentos estean obrigados a conservar.

4. O persoal encargado da inspección levantará acta das súas actuacións, na cal deberá constar:

- a) O nome e apelidos da persoa a que se expida e o carácter ou representación con que comparece.
- b) A descrición dos feitos aos cales afecte.
- c) A conformidade ou desconformidade do suxeito inspeccionado cos feitos que se lle imputen.

As actas expedidas terán natureza de documentos públicos e farán proba, salvo que se acredite o contrario, dos feitos que motiven a súa formalización.

Artigo 19. *Procedemento sancionador.*

1. A comisión exercerá a súa potestade sancionadora en relación coas infraccións reguladas no título V da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

2. A competencia para a instrución do procedemento sancionador corresponderalles aos funcionarios do servizo de inspección da comisión e a competencia resolutoria ao presidente do Consello, no caso das infraccións leves e ao Pleno, no das infraccións graves e moi graves.

3. O procedemento para o exercicio da potestade sancionadora rexeráse polo establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do

procedemento administrativo común e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

4. A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo.

Artigo 20. *Arbitraje da comisión.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal actuará como órgano arbitral nos conflitos que lle sometan os operadores postais, no marco do réxime establecido na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, cuxas normas se aplicarán supletoriamente no non previsto nesta lei nin nas súas normas de desenvolvemento.

2. A función arbitral non terá carácter público e será gratuíta, salvo os gastos xerados pola práctica das probas.

3. O procedemento, que se regulará mediante real decreto, axustarase aos principios de igualdade entre as partes, audiencia e contradición.

Disposición adicional primeira. *Constitución do Consello Reitor.*

Dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei, o Goberno designará o presidente e os conselleiros, terá lugar a sesión constitutiva do Consello Reitor e producirase a entrada en funcionamento da Comisión Nacional do Sector Postal.

Disposición adicional segunda. *Incorporación do persoal procedente do Ministerio de Fomento.*

Para os efectos do disposto no artigo 8, mediante orde do ministro de Fomento determinaranse os criterios e condicións de desempeño do persoal ao servizo do Ministerio de Fomento que, por estar desempeñando tarefas relacionadas coa regulación e inspección dos servizos postais, pase a prestar servizos na Comisión Nacional do Sector Postal.

Os devanditos criterios garantirán, en todo caso, a cobertura das necesidades do servizo que deriven das funcións transferidas. Unha vez garantidas as mencionadas necesidades, os criterios recollidos na orde do ministro de Fomento atenderán o carácter voluntario da incorporación do persoal funcionario do Ministerio de Fomento que pase a prestar servizos na Comisión Nacional do Sector Postal.

En todo caso, os criterios estableceranse de modo que se garanta que ese persoal permaneza na mesma situación administrativa no seu corpo ou escala conservando a antigüidade e grao que tivese, así como as súas condicións económicas e sociais.

Disposición adicional terceira. *Cota da taxa por realización de actividades económicas no sector postal.*

A cota da taxa por realización de actividades económicas no sector postal será o 0,1881 por cento do total dos ingresos brutos de explotación obtidos polo titular dunha autorización administrativa, como consecuencia das actividades realizadas en virtude desta durante o exercicio anterior.

Disposición adicional cuarta.

No prazo dun ano desde a entrada en funcionamento da comisión, esta creará unha sede electrónica en que serán accesibles todos os informes realizados pola comisión para o cumprimento dos seus obxectivos e funcións e aqueles que prevexa en cada momento o Plan estratéxico da comisión, salvagardando, en todo caso, a confidencialidade dos datos e informacións que puidesen

afectar o segredo comercial e industrial dos operadores e con suxeición aos principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguranza, dispoñibilidade e accesibilidade.

Disposición transitoria primeira. Réxime sancionador.

Os expedientes sancionadores iniciados polo Ministerio de Fomento en execución do disposto no título V da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, tramitaranos e resolveranos, ata a posta en funcionamento da comisión, os órganos competentes do dito departamento de conformidade coas normas aplicables antes do inicio da vixencia desta lei.

Disposición transitoria segunda. Continuidade de funcións do Ministerio de Fomento.

As funcións que esta lei lle atribúe á Comisión Nacional do Sector Postal serán desempeñadas polo Ministerio de Fomento ata o momento en que, de conformidade coa disposición adicional primeira, se produza a súa entrada en funcionamento.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogados cantos preceptos da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, contradigan o disposto nesta lei e, en particular, nos seus artigos 5.3, 5.6, 34, 35, 37.2 no seu segundo parágrafo, e no 47.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

1. Modifícase o artigo 8 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que quedará redactado nos seguintes termos:

«1. Todos os datos relativos aos beneficiarios de autorizacións xerais e singulares para a prestación de servizos postais deberanse inscribir no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais, que dependerá da Comisión Nacional do Sector Postal.

2. En todo caso, a inscrición no citado rexistro será condición previa e necesaria para a prestación do servizo correspondente, e a súa renovación será exigible para seguir desempeñando actividades profesionais no sector.

3. A renovación terá lugar cada dous anos por instancia da Comisión Nacional do Sector Postal.

No caso de non se proceder á renovación da inscrición nos prazos establecidos, darase de baixa do rexistro a empresa correspondente, que quedará inhabilitada para a prestación de servizos postais.

4. O funcionamento do rexistro e o procedemento de inscrición e renovación estableceranse regulamentariamente.»

2. Modifícase o número 3 do artigo 10 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que quedará redactado nos seguintes termos:

«3. Para os efectos desta lei, a inscrición no rexistro regulado no artigo 53 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, terá valor equivalente á obtención de autorización xeral e habilitará para a prestación dos servizos pos-

tais non incluídos no ámbito do servizo postal universal.

Quen faga uso da facultade prevista no número anterior deberá, non obstante, solicitar a inscrición no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais. A inscrición levarase a cabo de forma inmediata sempre que o interesado achegue unha certificación da súa inscrición no Rexistro xeral de transportistas e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte e que aboe a taxa correspondente á inscrición no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais.»

3. Modifícase o número 1.b) do artigo 19 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que quedará redactado nos seguintes termos:

«b) A exención de cantos tributos graven a súa actividade vinculada aos servizos reservados, excepto do imposto de sociedades.»

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Modifícase o número 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que quedará redactado nos seguintes termos:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Consello de Seguranza Nuclear, o ente público RTVE, as universidades non transferidas, a Axencia de Protección de Datos, o Instituto Español de Comercio Exterior, o Consorcio da Zona Especial Canaria, a Comisión Nacional de Enerxía, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións e a Comisión Nacional do Sector Postal rexeranse pola súa lexislación específica e supletoriamente por esta lei.»

Disposición derradeira terceira. Título competencial.

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1 21.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de correos e telecomunicacións.

Disposición derradeira cuarta. Desenvolvemento regulamentario.

O Goberno e o Ministerio de Fomento, no ámbito das súas respectivas competencias, aprobarán as normas regulamentarias que sexan precisas para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao de súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO